



FERRAMENTAS PARA UN ARTIGO

PARTES DO ARTIGO

- **Título**

(Escribe un título atractivo e interesante para chamar a atención da persoa lectora. Podes poñer subtítulo)

- **Introdución**

(Comeza cun parágrafo introdutorio que presente brevemente o científico ou científica que escolliches, mencionando o seu nome, contexto histórico e a súa relevancia na historia da ciencia.)

- **Contribución á humanidade**

(Explica de forma clara e sinxela cal foi a súa principal achega á ciencia e como impactou na vida das persoas. Usa exemplos para facelo máis comprensible.)

- **Contexto histórico**

(Menciona algún detalle sobre a súa época histórica, lugar de nacemento ou situacións importantes que influíron no seu traballo. Podes engadir curiosidades ou feitos relevantes para captar o interese do lector.)

- **Reflexión final**

(Pecha o artigo cunha conclusión na que valores a importancia do seu traballo na actualidade ou a inspiración que pode ofrecer ás novas xeracións. Anima ao lector a aprender máis sobre o tema.)

- **Autoría**

(Escribe o teu nome ou pseudónimo.)

- **Comentarios**

(Engade un espazo para que os teus compañeiros/as poidan deixar as súas opinións ou reflexións sobre o artigo. Por exemplo: "Que opinas sobre este científico/a? Podes deixar aquí os teus comentarios respectuosos.")





RECOMENDACIÓNS

- As distintas partes do artigo non deben ser rotuladas, é dicir, non poñemos títulos como *introdución* ou *reflexión*, senón que escribimos directamente o contido. Estas son só indicacións para estruturar o artigo.
- Debemos incluír algunha imaxe.
- Escribe parágrafos curtos e claros, evitando que sexan demasiado extensos.
- Usa unha linguaxe sinxela e directa.
- Inclúe algúns datos concretos, pero sen abusar deles.
- Revisa o texto para asegurarte de que non contén erros ortográficos ou gramaticais.
- En distintas ferramentas, coma Canva, tes distintos modelos de artigos. Tamén podes tomar como exemplo un xornal.